

EDICIÓN MAIO 2016

CREANDO A COSTA SOSTIBLE

GUÍA PARA OS PROMOTORES DO SEO DE FISTERRA - RÍA DE MUROS-NOIA



Grupo de Acción Local
do sector Pesqueiro
Seo de Fisterra Ría de Muros-Noia:
Costa Sostible

CREANDO A COSTA SOSTIBLE

ÍNDICE

O GALP Costa Sostible	1
Creando a Costa Sostible	2
Plan de Acción	6
Ferramentas para Crear a Costa Sostible	10
Cualificación e Valoración dos Proxectos	11
Puntuación e Contía das Axudas	16
Compromiso de Formación	17
Directrices para un Crecemento Responsable	19
• Directrices de Paisaxe e Medio Ambiente	23
• Directrices de Adaptabilidade	29
• Directrices Adicionais de Responsabilidade Social Corporativa	31

GUÍA PARA OS PROMOTORES DO SEO DE FISTERA RÍA DE MUROS-NOIA



GALP Costa Sostible

REDACCIÓN:

itc.ménsula

MAQUETACIÓN:

Juan Gallego Estudio Gráfico

O GALP Costa Sostible

“

O Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro Seo de Fisterra - Ría de Muros-Noia, Costa Sostible ou, máis sinxelamente, **GALP Costa Sostible**, é o responsable no seu territorio da xestión das axudas do Fondo Europeo Marítimo e da Pesca. É o interlocutor para os promotores locais na súa procura de financiamento para iniciativas de interese económico e social.

O noso nome, GALP Costa Sostible, recolle a aposta das institucións locais por un modelo de desenvolvemento responsable co territorio no eido económico, medioambiental, cultural e social. É dicir, un crecemento apoiado na viabilidade técnica e económica dos proxectos, na integración na paisaxe, na valorización da cultura local e na potenciación dunha sociedade inclusiva, igualitaria e máis xusta.

SE TES
UN PROXECTO
ISTO INTERÉSACHE

O GALP Costa Sostible

financia proxectos para a creación ou mellora de actividades económicas e de servizos de interese local dende 2015 a 2020. Para iso, a **Consellería do Mar, da Xunta de Galicia**, abrirá dúas convocatorias cada ano, con data de peche a 31 de marzo e 30 de setembro.

DOCUMENTACIÓN E INFORMACIÓN:

- Na web do GALP:
www.costasostible.com
- Na web da Consellería do Mar:
www.accioncosteira.es
- Nas oficinas do GALP:
 - En **Noia**, de luns a venres [polas tardes, só previa cita]
Edificio Administrativo
Rúa Espírito Santo 4
15200 Noia
 - En **Corcubión**, os martes e os mércores [outros días, previa cita]
Concello de Corcubión
Avda. da Viña, 16
15130 Corcubión
- Por teléfono:
981 822 754
638 033 467
981 706 232
- Por correo electrónico:
gac4@accioncosteira.es
info@costasostible.com



Creando a Costa Sostible

A EDLP COSTA SOSTIBLE, unha Estratexia para o territorio

A **EDLP Costa Sostible**, a **Estratexia de Desenvolvemento Local Participativo**, é o documento que recolle as liñas básicas coas que traballa o GALP para determinar que tipo de proxectos deben contar co seu apoio para conseguir ese obxectivo de desenvolvemento sostible.

Foi aprobada polo GALP, que reúne aos representantes dos diversos sectores e intereses do territorio, e pola Consellería do Mar.

Que vas atopar na EDLP Costa Sostible?

- A análise do territorio, coas súas potencialidades.
- Os obxectivos marcados.
- Os tipos de proxectos subvencionables.
- Os criterios de valoración das candidaturas ás axudas do GALP.
- As porcentaxes de financiamento aplicables.
- As normas de funcionamento do GALP.
- O orzamento de execución.



UN TRABALLO DE TODOS...

A **EDLP** foi elaborada, ao longo do ano 2015, mediante un proceso de concertación no que participaron institucións e axentes do territorio. **NEL ESTIVERON INVOLUCRADOS:**

- A Confrarías de Pescadores e asociacións de produtores do Sector Pesqueiro.
- Os representantes de todos os sectores económicos.
- Os Concellos.
- As asociacións de interese social e cultural.
- Os veciños, en xeral, a través das canles de participación.
- Expertos en áreas de I+D+i, turismo, sector pesqueiro, adaptabilidade e territorio e paisaxe.



Territorio da Costa Sostible



Descarga a EDLP Costa Sostible en
www.costasostible.com

...SEMPRE ABERTO ÁS TÚAS IDEAS.

O proceso participativo non quedou pechado. A **EDLP COSTA SOSTIBLE** está en permanente evolución. É misión do GALP avaliar constantemente a súa validez, proponendo e aprobando modificacións que reforcen o seu papel como guía para un desenvolvemento responsable.

Calquera institución, entidade e empresa, calquera veciño, pode aportar as súas ideas, que serán debatidas no seo do GALP.

AS CANLES DE PARTICIPACIÓN PREVISTAS PARA INCORPORAR NOVAS IDEAS, ATA O 2020, SON:

- A xerencia do GALP, nas súas oficinas ou por calquera medio de contacto.
- A web de participación, www.costasostible.com.
- A Mesas Sectoriais e Paneis de Expertos que se convocarán periodicamente para unha análise máis completa da EDLP.

Aposta polo CRECEMENTO SOSTIBLE

A **EDLP Costa Sostible** participa das máis avanzadas ideas e metodoloxías, a nivel europeo, no tocante á planificación territorial.

O **CRECEMENTO AZUL** é a política da **Unión Europea** para aproveitar ao máximo o potencial de desenvolvemento das rexións costeiras. Implica a análise para cada territorio da súa relación co mar e das oportunidades que este lle ofrece, tanto pola súa tradición e o seu tecido económico e social, como polos novos nichos de negocio e emprego que pode aproveitar. O **Crecemento Azul** implica un sector pesqueiro sostible, pero tamén desenvolver as posibilidades do mar noutros eidos, como o turismo ou a biotecnoloxía.

O concepto de SOSTIBILIDADE abrangue diversos aspectos:

- Atención á viabilidade técnica, económica, social e financeira dos proxectos. É moi importante que os proxectos partan dunha análise rigorosa das súas opcións de futuro. Se están orientados a mercado –os proxectos produtivos– deben ser viables nesta contorna. No caso das iniciativas sen fins lucrativos directos –os proxectos non produtivos– tamén é esixible unha viabilidade e rendibilidade medidas nunha relación investimento-resultados.
- A sostibilidade medioambiental e paisaxística. A costa é unha paisaxe sempre en equilibrio delicado. Calquera acción debe ter en conta o seu impacto na contorna. Teremos en conta as súas implicacións nos ecosistemas locais e en todas as formas de impacto paisaxístico para conseguir que a acción humana conserve e enriqueza o medio natural e cultural.
- A responsabilidade social. O **GALP** aposta por fórmulas de traballo que teñan un impacto positivo na sociedade local. Amais da creación de emprego, principal medio de distribución da renda, debemos loitar pola participación de todos os cidadáns nos beneficios do progreso, atendendo a persoas desfavorecidas ou con necesidades específicas.

Que implica a aposta pola SOSTIBILIDADE?

- **UN PLAN DE ACCIÓN MOI ORIENTADO**
O **Plan de Acción** define o tipo de proxectos que financia o **GALP** [podes consultalos nas páxinas 8-9]. Damos prioridade a un sector pesqueiro que aposta pola diversificación, a xeración de valor engadido e a limitación de impactos sobre os ecosistemas mariños. Apostamos polo turismo responsable como alternativa clave no noso territorio e defendemos outras vías de diversificación cara a nichos que posicionen ao territorio nos mercados.
- **UN PACTO LOCAL POLO TERRITORIO COSTEIRO SOSTIBLE**
O **GALP** ten como obxectivo liderar un proceso de concertación no que as institucións públicas asuman os valores recollidos na **EDLP** e definan conxuntamente estratexias e medidas para crear un territorio máis responsable coa súa paisaxe, coa súa xente e coa súa contorna exterior.
- **APLICACIÓN AOS PROXECTOS CANDIDATOS**
Para o promotor, o efecto máis visible desta aposta é a incorporación, na valoración dos proxectos, de criterios específicos que miden e fomentan a implicación do proxecto coa súa contorna.

Os valores do GALP

O **GALP COSTA SOSTIBLE** DEBE SER IDENTIFICADO POR SER:

- **EFICAZ** na xestión dos recursos dispoñibles, impulsando a captación de investimentos adicionais e potenciando o efecto multiplicador da axudas do **FEMP**.
- **CREATIVO**, capaz de idear e impulsar iniciativas innovadoras e intelixentes tanto no sector público como no privado acordes cos obxectivos da **EDLP**.
- Impulsor e incluso **PROVOCADOR** no fomento dos valores da súa política de **RSC** (Responsabilidade Social Corporativa), en particular os vinculados ao Bo Goberno corporativo e á Sostibilidade.
- **ARTELLADOR** do territorio, sendo un ente capaz de ter unha visión conxunta sobre a costa que abrangue.
- **PARTICIPATIVO**, empregando ás entidades que o compoñen como rede de penetración social, difusión de valores e iniciativas e captación de ideas e toma de decisións.
- **POTENCIADOR** dunha especialización territorial intelixente, integrada na estratexia **RIS3** de Especialización Intelixente de Galicia.
- **COLABORADOR** a nivel supralocal, participando en redes de traballo e liderando iniciativas de colaboración con outros **GALP**.

A nosa misión | A **EDLP** define así a nosa misión:


O **GALP** contribuirá á creación dun **Territorio Costeiro Sostible**, cunha **especialización intelixente, responsable socialmente e igualitaria** derivada da súa condición **litoral**.

Plan de Acción

O PLAN DE ACCIÓN

define o tipo de iniciativas, produtivas e non produtivas, polas que aposta o **GALP Costa Sostible**. Dende os **Obxectivos Estratéxicos**, precisa, en varios niveis, que tipo de proxectos se impulsan dende a **EDLP**.

**Bota unha ollada,
a túa idea pode ter cabida!**



Obxectivo Estratéxico 1 | SECTOR PESQUEIRO

- Fomentar un sector pesqueiro máis sostible ambiental e economicamente a través dunha xestión máis eficiente dos recursos e o incremento do valor engadido, a diversificación e a innovación nos estadios da cadea de valor vinculados á transformación, á distribución e á comercialización, aliñándonos cos obxectivos do Crecemento Azul.

Obxectivo Estratéxico 2 | DIVERSIFICACIÓN ECONÓMICA

- Potenciar o desenvolvemento económico mediante a diversificación produtiva, o incremento da competitividade, o emprendemento, a mellora das oportunidades de traballo e o emprego alternativo ao traballo no mar potenciando o sector turístico e a diversificación en xeral da actividade produtiva do territorio, tomando a condición mariñeira do mesmo como elemento diferenciador.

Obxectivo Estratéxico 3 | PATRIMONIO NATURAL E CULTURAL

- Mellora da calidade de vida das poboacións costeiras mediante a conservación do medio ambiente e a cultura tradicional e a rehabilitación e posta en valor do patrimonio cultural e natural costeiro.



PLAN DE ACCIÓN

OBJECTIVOS ESTRATÉGICOS		LIÑAS DE ACTUACIÓN	MEDIDAS
Obxectivo Estratégico 1 SECTOR PESQUEIRO	1.1 Fomento dun sector pesqueiro sostible ambientalmente, eficiente no uso dos recursos, innovador, competitivo e baseado no coñecemento.	1.1.1 Mellora da competitividade e da innovación na industria pesqueira local.	1.1.1.1 Melloras na produción, xestión e políticas de calidade e seguridade alimentaria nas empresas de transformación de produtos pesqueiros. 1.1.1.2 Apoio ás iniciativas de procesado e transformación de produtos pesqueiros, preferentemente os da pesca costeira artesanal.
		1.1.2 Valorización dos produtos da pesca local mediante o apoio á comercialización e presenza nos mercados dos produtos pesqueiros así como o potenciamento do valor engadido dos mesmos.	1.1.2.1 Apoio á creación de empresas comercializadoras da oferta local, especialmente ás que operen en canles distintas das convencionais. 1.1.2.2 Portais web de comercialización de produtos da pesca artesanal local. 1.1.2.3 Estudo e creación dunha carteira comercial (portfolio) de produtos e comercializadores no ámbito do GALP. 1.1.2.4 Desenvolvemento de marcas-produto e apoio ás existentes no territorio. 1.1.2.5 Expedicións comerciais xuntas de produtos e comercializadores do GALP. 1.1.2.6 Campañas de valorización da pesca costeira artesanal.
	1.2 Sostibilidade da actividade pesqueira.	1.2.1 Valorización de descartes, subprodutos e residuos vinculados á actividade pesqueira. 1.2.2 Protección e recuperación da biodiversidade e os ecosistemas mariños.	1.2.1.1 Novas empresas de transformación ou aproveitamento de descartes e subprodutos da pesca. 1.2.1.2 Estudos do potencial de aproveitamento de descartes e subprodutos nos portos do GALP. 1.2.2.1 Apoio á creación de reservas e áreas de protección dos recursos mariños. 1.2.2.2 Apoio á investigación para a xestión integrada dos recursos e ecosistemas mariños.
	1.3 Empoderamento e autoestima do sector pesqueiro.	1.3.1 Mellora das condicións de traballo das mulleres do sector pesqueiro. 1.3.2 Cualificación profesional do sector.	1.3.1.1 Mellora das condicións de traballo das mulleres do sector pesqueiro (preferentemente mariscadoras e redeiras). 1.3.2.1 Apoio á creación de centros formativos para o sector do mar.
		1.3.3 Candidatura da zona de marisqueo na Ría de Muros e Noia a Patrimonio Mundial da UNESCO.	1.3.3.1 Accións de apoio á candidatura da zona de marisqueo na Ría de Muros e Noia a Patrimonio Mundial.
	1.4 Fomento dunha acuicultura sostible ambientalmente, eficiente no uso dos recursos, innovadora, competitiva e baseada no coñecemento.	1.4.1 Apoio á acuicultura sostible.	1.4.1.1 Apoio a proxectos de acuicultura sostible. 1.4.1.2 Implantación de empresas de servizos de xestión, substitución e asesoramento para as explotacións acuícolas. 1.4.1.3 Redución do impacto das empresas acuícolas na utilización de auga, eficiencia enerxética e promoción de sistemas de circuíto pechado.
Obxectivo Estratégico 2 DIVERSIFICACIÓN ECONÓMICA	2.1 Creación de sinerxías cos entes turísticos con competencias no territorio.	2.1.1 Potenciamento de iniciativas locais coherentes coas políticas da Axencia Turismo de Galicia.	2.1.1.1 Apoio a iniciativas locais integrables nos Produtos Cabeceira de Marca de Galicia. 2.1.1.2 Potenciamento do produto xacobeo. 2.1.1.3 Integración no Club da Auga de Galicia.
		2.1.2 Planificación turística integrada.	2.1.2.1 Programas de actuación dos xeodestinos Costa da Morte e Ría de Muros e Noia.

OBJECTIVOS ESTRATÉGICOS		LIÑAS DE ACTUACIÓN	MEDIDAS
Obxectivo Estratégico 2	2.2 Sostibilidade do turismo mariñeiro no territorio.	2.2.1 Potenciamento do Club de Produto MarGalaica.	2.2.1.1 Creación e mellora de servizos e actividades de turismo mariñeiro. 2.2.1.2 Apoio á comercialización do turismo mariñeiro.
		2.2.3 Mellora da infraestrutura dos negocios turísticos.	2.2.3.1.1 Reformas orientadas ao incremento de categoría dos aloxamentos. 2.2.3.1.2 Ampliación e mellora da oferta das empresas para a incorporación de novos servizos.
	2.3 Crecemento económico e do emprego a través da mellora da competitividade do destino.	2.3.2 Cooperación entre empresas e axentes turísticos do territorio.	2.3.1.3 Reformas orientadas á implantación de plans de sostibilidade ambiental dos aloxamentos, con especial incidencia na eficiencia enerxética. 2.3.2.1 Mellora e coordinación da información turística do territorio.
			2.4.1.1 Apoio á creación de nova infraestrutura aloxativa. 2.4.1.2 Iniciativas de restauración e gastronomía integradas no programa Km 0 MarGalaica. 2.4.1.3 Creación de novos servizos turísticos distintos de aloxamento e restauración.
	2.4 Potenciar a creación de oferta turística de calidade xeradora de emprego.	2.5.1 Potenciamento da industria e servizos vinculados á náutica e ás enerxías mariñas.	2.5.1.1 Potenciamento de empresas e servizos relacionados coas enerxías mariñas (excluíndo a xeración de enerxía). 2.5.1.2 Potenciamento de empresas e servizos relacionados coa náutica.
			2.5.1.3 Potenciamento de empresas e servizos relacionados co medio ambiente mariño e costeiro.
Obxectivo Estratégico 3 PATRIMONIO NATURAL E CULTURAL	2.5 Potenciamento do desenvolvemento tecnolóxico, a innovación e o aumento da eficiencia enerxética.	2.5.2 Incrementar o peso da economía dixital no territorio mediante o impulso das TIC e as TFE no sector pesqueiro, náutico e no territorio en xeral.	2.5.2.1 Novas empresas e servizos de base tecnolóxica, especialmente os relacionados con servizos ao sector do mar e náutica en xeral.
		2.5.3 Potenciar iniciativas empresariais que se baseen no coñecemento e a especialización.	2.5.3.1 Iniciativas de coñecemento e xestión de servizos de envellecemento activo.
	2.6 Desenvolvemento da artesanía e oficios tradicionais.	2.6.1 Asentamento de artesáns no territorio.	2.6.1.1 Apoio á creación e promoción de obradoiros artesanais, especialmente os vinculados coa artesanía mariñeira.
	3.1 Mellora da calidade ambiental e paisaxística da contorna costeira.	3.1.1 Accións de mellora da contorna natural e cultural.	3.1.1.1 Rehabilitación, rexeneración e corrección de impactos en áreas costeiras degradadas pola acción humana ou por intervencións previas pouco respectuosas co medio. 3.1.1.2 Rehabilitación de contornas de interese cultural ou paisaxístico nas fachadas marítimas.
			3.2.1.1 Creación de equipamentos museográficos e áreas interpretativas vinculados á posta en valor do patrimonio natural e cultural. 3.2.1.2 Rehabilitación e posta en uso total ou parcial de factorías e construcións costeiras en desuso.
	3.2 Recuperación do patrimonio cultural costeiro.	3.3.1 Apoio á recuperación da cultura marítima tradicional.	3.3.1.1 Rehabilitación ou réplica de embarcacións tradicionais. 3.3.1.2 Creación de mariñas para embarcacións tradicionais.
	3.3 Salvagarda da cultura marítima tradicional.		3.3.1.3 Plan de formación e capacitación para o uso turístico das embarcacións tradicionais de Galicia.

Ferramentas para Crear a Costa Sostible

Cualificación e Valoración dos Proxectos

O programa de axudas do GALP dotouse dunhas ferramentas moi específicas para que as iniciativas presentadas e aprobadas incorporen os valores e os compromisos expresados na Estratexia de Desenvolvemento Local Participativo, xa que son os promotores, destinatarios das axudas, os axentes máis importantes na creación da Costa Sostible.



Compromiso de Formación

O crecemento sostible esixe proxectos viables e de éxito e promotores capacitados.

Por iso, para os proxectos produtivos, valoramos un Compromiso de Formación por parte dos candidatos na mellora das súas capacidades para xestionar o negocio que pretenden impulsar.

O GALP quere, con isto, garantir a viabilidade no tempo dos proxectos que financia.

> [Ver Compromiso de Formación, páxs. 17-18](#) >>>

Valoración da Adecuación do proxecto á Estratexia de Responsabilidade Social Corporativa (RSC) do GALP

Os criterios de valoración para os distintos tipos de proxectos inclúen un apartado no que se avalían os compromisos e resultados nos campos de acción social que se definiron como prioritarios na elaboración da EDLP. Esta Guía recolle as Directrices de avaliación nos tres eidos definidos:

- Paisaxe e Medio Ambiente.
- Adaptabilidade a persoas con necesidades especiais.
- Outros ámbitos da RSC.

> [Ver Directrices para un Crecemento Responsable, páxs. 19-32](#) >>>

Proxectos Produtivos e Non Produtivos

PROXECTOS PRODUTIVOS

Proxectos de investimento que supoñan a realización dunha actividade económica, tendentes á produción de bens ou servizos e que supoñan unha creación e/ou mantemento de emprego.

PROXECTOS NON PRODUTIVOS

Proxectos de investimento que non supoñan o inicio ou desenvolvemento dunha actividade económica e/ou non estean afectos a una actividade económica. Tamén terán esta consideración os proxectos de interese público que, mesmo constituíndo unha actividade económica ou estando afectados a unha actividade económica, non incidan sobre o réxime de competencia no territorio no que se desenvolvan.

Criterios de Valoración dos Proxectos

Unha vez presentados e analizados os proxectos, o GALP Costa Sostible procederá ao seu encadre dentro dun dos **Obxectivos Estratéxicos** e da súa cualificación como **Produtivos** ou **Non Produtivos**. En función deste encadre, puntuarase segundo o cadro que lle corresponda, de entre os que se amosan a continuación.

- NOTAS:
- Nos proxectos **Produtivos**, para o criterio de valoración denominado nos cadros como **Compromiso de Formación**, terase en conta o disposto no capítulo **Compromiso de Formación**.
 - En todos os proxectos, para o criterio de valoración denominado nos cadros como **Adecuación do proxecto á Estratexia de Sostibilidade do GALP**, teranse en conta as Directrices indicadas no **Anexo Directrices para un Crecemento Responsable**.
 - Os **Criterios Adicionais**, recollidos nas táboas de valoración, engaden unha puntuación que se superpón á obtida na **Valoración do Proxecto**. Estes puntos compútanse na suma pero non impiden que un promotor cun bo proxecto acade o máximo posible sen eles. En todo caso, os **Criterios Adicionais** nunca poderán supor unha valoración superior ao máximo establecido para cada tipo de proxecto.

CRITERIOS DE VALORACIÓN DOS PROXECTOS

PROXECTOS NON PRODUTIVOS | Obxectivo 1 Sector Pesqueiro

VALORACIÓN DO PROXECTO				
CRITERIO		MAX.	APLICACIÓN	
1	Colaboración entre entidades (Coxestión)	5	5	5 ou máis entidades promotoras da iniciativa.
			3	3 entidades promotoras da iniciativa.
			2	2 entidades promotoras da iniciativa.
2	Ámbito territorial de actuación do proxecto	8	8	Afecta aos 9 municipios ou beneficia directamente aos membros de todas as confrarías.
			6	Afecta a 3 ou máis municipios ou beneficia directamente aos membros de 3 ou máis confrarías.
			3	Afecta a 2 municipios ou beneficia directamente aos membros de 2 confrarías.
3	Potencialidade para a creación de emprego	4		Ten repercusión indirecta e estimable na creación ou mellora do emprego.
4	Potencialidade para o asentamento de novas iniciativas produtivas	8		Crea infraestruturas, equipamentos ou servizos de interese para negocios da zona ou para asentamento de novos negocios fomentados pola EDLP.
5	Capacidade de transferencia	5		Valorarase a capacidade para ser transferido noutro municipio ou fóra do territorio.
6	Posta en valor do patrimonio natural marítimo e costeiro	10	10	A actuación supón un labor de recuperación, mantemento, posta en valor ou conservación do patrimonio.
			5	A actuación afecta, polo menos nun 75%, a bens ou zonas situados nos primeiros 150 m da franxa litoral, ou ao mar.
7	Impacto sobre o territorio	30		Puntos acumulables.
7A	Impacto Económico		10	A actividade xerada ten incidencia en sectores da pesca estratéxicos para a zona ou promovidos pola EDLP: comercialización, distribución, transformación, investigación, capacitación; ou turismo mariñeiro.
7B	Impacto Social		10	Implica a mellora da calidade de vida pola prestación de novos servizos aos profesionais do mar ou mellora substancial dos existentes (no municipio ou ámbito de aplicación do proxecto se é superior).
7C	Impacto Cultural		5	Posta en valor de elementos tanxibles ou intanxibles da cultura mariñeira.
7D	Impacto Medioambiental		5	Incidencia positiva do proxecto nos espazos naturais protexidos.
8	Carácter innovador	5	5	Único no ámbito territorial do GALP.
			3	Non é único pero ten elementos claramente diferenciadores.
9	Adecuación do proxecto á Estratexia de Sostibilidade do GALP	25		Puntos acumulables.
9A	Adecuación do proxecto ás Directrices de Paisaxe e Medio Ambiente		12	Valoración segundo as Directrices.
9B	Adecuación do proxecto ás Directrices de Adaptabilidade		5	Valoración segundo as Directrices.
9C	Adecuación do proxecto ás Directrices de RSC		8	Valoración segundo as Directrices.
• MÁXIMO VALORACIÓN		100		

CRITERIOS ADICIONAIS				
CRITERIO		MAX.	APLICACIÓN	
A	O proxecto ten unha compoñente I+D+i	20	20	Máis do 66% do orzamento está dedicado a I+D+i.
			10	Entre 33-66% do orzamento está dedicado a I+D+i.
			5	Entre 0,5-33% do orzamento está dedicado a I+D+i.
B	Foméntase a participación da muller na toma de decisións	5		O órgano máximo de dirección está ocupado por unha muller ou no órgano máximo de dirección colectiva hai un mínimo de 40% de mulleres.
C	Adopción de medidas para a utilización de subprodutos, descartes e residuos	10		A iniciativa implica o aproveitamento de descartes, especies pouco explotadas, supbprodutos ou residuos da pesca.
D	Supón o aproveitamento de infraestruturas ociosas nos portos	10		Se a iniciativa significa a adecuación dun espazo ou infraestruturas non usados, para unha actividade ou servizo novo no prestado polo beneficiario.
• MÁXIMO ADICIONAL		45		

PROXECTOS NON PRODUTIVOS | Obxectivos 2 e 3 Diversificación Económica e Patrimonio Natural e Cultural

VALORACIÓN DO PROXECTO				
CRITERIO		MAX.	APLICACIÓN	
1	Colaboración entre entidades (Coxestión)	5	5	4 ou máis entidades promotoras da iniciativa.
			3	3 entidades promotoras da iniciativa.
			2	2 entidades promotoras da iniciativa.
2	Ámbito de actuación do proxecto	8	8	Afecta aos 9 municipios do territorio.
			6	Afecta a un mínimo de 3 municipios do territorio.
			3	Afecta a 2 municipios do territorio.
3	Potencialidade para a creación e emprego	4		Ten repercusión indirecta e estimable na creación ou mellora do emprego.
4	Potencialidade para o asentamento de novas iniciativas produtivas	10		Crea infraestruturas, equipamentos ou servizos de interese para negocios da zona ou para o asentamento de novos negocios fomentados pola EDLP.
5	Taxa de valor engadido	8		Puntos acumulables.
			2	Contribúe a diversificación da oferta local.
			2	Xera vínculos con outras empresas locais ou do territorio.
			2	Supón a posta en valor do patrimonio cultural.
			2	Supón a posta en valor ou o aproveitamento de recursos endóxeos.
6	Posta en valor do patrimonio natural marítimo e costeiro	10	10	A actuación supón un labor de recuperación, mantemento, posta en valor ou conservación do patrimonio.
			5	A actuación afecta, polo menos nun 75%, a bens ou zonas situados nos primeiros 150 m da franxa litoral, ou ao mar.
7	Impacto sobre o territorio	30		Puntos acumulables.
7A	Impacto Económico		10	A actividade xerada ten incidencia en sectores da pesca estratéxicos para a zona ou promovidos pola EDLP: comercialización, distribución, transformación, investigación, capacitación; ou no turismo mariñeiro.
7B	Impacto Social		10	Implica a mellora da calidade de vida pola prestación de novos servizos aos profesionais do mar ou mellora substancial dos existentes (no municipio ou ámbito de aplicación do proxecto se é superior).
7C	Impacto Cultural		5	Posta en valor de elementos tanxibles ou intanxibles da cultura mariñeira.
7D	Impacto Medioambiental		5	Incidencia positiva do proxecto nos espazos naturais protexidos.
8	Carácter innovador	5		Puntos acumulables.
			5	Único no territorio GALP: novos produtos e servizos, novos procesos produtivos e de prestación de servizos máis eficientes, especial aplicación das TIC.
			3	É único no municipio pero non no territorio GALP (conforme ao criterio anterior) ou non é único pero ten elementos diferenciadores.
9	Adecuación do proxecto á Estratexia de Sostibilidade do GALP	20		Puntos acumulables.
9A	Adecuación do proxecto ás Directrices de Paisaxe e Medio Ambiente		10	Valoración segundo as Directrices.
9B	Adecuación do proxecto ás Directrices de Adaptabilidade		5	Valoración segundo as Directrices.
9C	Adecuación do proxecto ás Directrices de RSC		5	Valoración segundo as Directrices.
• MÁXIMO VALORACIÓN		100		

CRITERIOS ADICIONAIS			
CRITERIO		MAX.	APLICACIÓN
	Contribúe ao potenciamento e promoción dos Xeodestinos do territorio	15	
• MÁXIMO ADICIONAL		15	

PROXECTOS PRODUTIVOS | Obxectivo1 Sector Pesqueiro

VALORACIÓN DO PROXECTO				
CRITERIO		MAX.	APLICACIÓN	
	EMPREGO: MÁXIMO 20 PUNTOS			
1	Creación de emprego	9		Relación investimento/emprego.
			9	Relación superior ou igual 60.000 e inferior a 120.000. 3 puntos por cada posto cun máximo de 9.
			6	Relación superior ou igual a 120.000 e inferior a 240.000. 2 puntos por cada posto cun máximo de 6.
			3	Relación Superior ou igual a 240.000. 1 punto por cada posto cun máximo de 3.
2	Emprego a colectivos desfavorecidos	2		1 punto por cada posto ata un máximo de 2.
3	Modalidade de contratación	2		1 punto por cada posto con contrato de calidade ata un máximo de 2.
4	Creación de emprego vinculado ao sector pesqueiro, acuícola e marisqueiro	5		2 puntos por cada posto con contrato indefinido ata un máximo de 5.
5	Creación de emprego cualificado	2		1 punto por cada posto con cualificación acorde coa actividade ata un máximo de 2.
	OUTROS CRITERIOS			
6	Taxa de valor engadido	8		Puntos acumulables.
			2	Contribúe ao mantemento da flota artesanal.
			2	Incrementa o valor engadido dos produtos pesqueiros autóctonos.
			2	Mellora a comercialización dos produtos pesqueiros do territorio.
			2	Diminúe os custos de produción no sector pesqueiro.
7	Carácter innovador	5		Elementos claramente diferenciadores no territorio.
			5	Único no ámbito territorial do GALP.
			3	Único no municipio e limítrofes.
			1	Non é único pero ten elementos claramente diferenciadores.
8	Compromiso de formación	2		O promotor asume, mediante declaración expresa, o compromiso de recibir a formación impartida polo grupo relacionada coa súa actividade e coa sostibilidade. Dita formación impartirase antes da última xustificación do proxecto.
9	Contribúe á posta en valor e fortalecemento da identidade mariñeira	3		Supón a recuperación e posta en valor da identidade mariñeira do territorio
10	Adecuación do proxecto á estratexia de Sostibilidade do GALP	12		Puntos acumulables.
10A	Adecuación do proxecto ás Directrices de Paisaxe e Medio Ambiente		6	Valoración segundo as Directrices.
10B	Adecuación do proxecto ás Directrices de Adaptabilidade		2	Valoración segundo as Directrices.
10C	Adecuación do proxecto ás Directrices de RSC		4	Valoración segundo as Directrices.
• MÁXIMO VALORACIÓN		50		

CRITERIOS ADICIONAIS				
CRITERIO		MAX.	APLICACIÓN	
A	Primeira iniciativa empresarial por parte do promotor ou acreditación de experiencia en iniciativas similares	2		
B	Inclusión en colectivo específico	2		No caso de persoas xurídicas, partírase do 50% dos socios.
			2	0 promotor pertence a dous ou máis destes colectivos.
			1	0 promotor pertence a un destes colectivos.
*	Colectivos específicos: mulleres sempre que estean subrepresentadas na actividade, mozos menores de 40 anos, discapacitados, parados de longa duración, maiores de 55 anos, perceptores de rendas de inserción social e emigrantes retornados.			
C	Promotor procedente do sector pesqueiro, acuícola ou marisqueiro	6		
			6	0 promotor procede do sector pesqueiro, acuícola ou marisqueiro.
			3	Non procede pero ten vinculación de primeiro grao.
• MÁXIMO ADICIONAL		10		

PROXECTOS PRODUTIVOS | Obxectivos 2 e 3 Diversificación Económica e Patrimonio Natural e Cultural

VALORACIÓN DO PROXECTO				
CRITERIO		MAX.	APLICACIÓN	
	EMPREGO: MÁXIMO 20 PUNTOS			
1	Creación de emprego	9		Relación investimento/emprego.
			9	Relación superior ou igual 60.000 e inferior a 120.000. 3 puntos por cada posto cun máximo de 9.
			6	Relación superior ou igual a 120.000 e inferior a 240.000. 2 puntos por cada posto cun máximo de 6.
			3	Relación superior ou igual a 240.000. 1 punto por cada posto cun máximo de 3.
2	Emprego a colectivos desfavorecidos	2		1 punto por cada posto ata un máximo de 2.
3	Modalidade de contratación	2		1 punto por cada posto con contrato de calidade ata un máximo de 2.
4	Creación de emprego vinculado ao sector pesqueiro, acuícola e marisqueiro	2		2 puntos por cada posto con contrato indefinido.
5	Creación de emprego cualificado	5		2,5 puntos por cada posto con cualificación acorde coa actividade, ata un máximo de 5.
	OUTROS CRITERIOS			
6	Taxa de valor engadido	4		Puntos acumulables.
			1	Contribúe á diversificación da oferta local.
			2	Xera vínculos con outras empresas locais ou do territorio.
			1	Supón a posta en valor ou aproveitamento de recursos endóxeos.
7	Incorpora actividades complementarias á principal	3		Incorpora actividades complementarias á principal.
8	Carácter innovador	3		Elementos claramente diferenciadores no territorio.
			3	Único no ámbito territorial do GALP.
			2	Único no municipio e limítrofes.
			1	Non é único pero ten elementos claramente diferenciadores.
9	Compromiso de formación	2		O promotor asume, mediante declaración expresa, o compromiso de recibir a formación impartida polo GALP relacionada coa súa actividade e coa sostibilidade. Dita formación impartirase antes da última xustificación do proxecto.
10	Contribúe á posta en valor e fortalecemento da identidade mariñeira	3		Supón a recuperación e posta en valor do patrimonio mariñeiro de carácter material ou inmaterial.
11	Actúa como elemento dinamizador no territorio	3		Capacidade de xerar soporte e servizos a outras empresas do territorio.
12	Adecuación do proxecto á estratexia de Sostibilidade do GALP	12		Puntos acumulables.
12A	Adecuación do proxecto ás Directrices de Paisaxe e Medio Ambiente		5	Valoración segundo as Directrices.
12B	Adecuación do proxecto ás Directrices de Adaptabilidade		5	Valoración segundo as Directrices.
12C	Adecuación do proxecto ás Directrices de RSC		2	Valoración segundo as Directrices.
• MÁXIMO VALORACIÓN		50		

CRITERIOS ADICIONAIS				
CRITERIO		MAX.	APLICACIÓN	
	PROMOTOR			
A	Primeira iniciativa empresarial por parte do promotor ou acreditación de experiencia en iniciativas similares	2	2	
B	Inclusión en colectivo específico	2		No caso de persoas xurídicas, partírase do 50% dos socios.
			2	0 promotor pertence a dous ou máis destes colectivos.
			1	0 promotor pertence a un destes colectivos.
*	Colectivos específicos: mulleres sempre que estean subrepresentadas na actividade, mozos menores de 40 anos, discapacitados, parados de longa duración, maiores de 55 anos, perceptores de rendas de inserción social e emigrantes retornados.			
C	Promotor procedente do sector pesqueiro, acuícola ou marisqueiro	6	6	0 promotor procede do sector pesqueiro, acuícola ou marisqueiro.
			3	Non procede pero ten vinculación de primeiro grao.
	PROXECTO			
A	Integración en MarGalaica	10		A empresa ou a actividade resultante intégrase en MarGalaica e cumpre as especificacións do Estándar Finisterrae.
• MÁXIMO ADICIONAL		20		

Puntuación e Contía das Axudas

Compromiso de Formación

CÁLCULO DAS AXUDAS AOS PROXECTOS

Unha vez aplicados os Criterios de Valoración, o proxecto candidato deberá superar unha puntuación mínima en función do tipo e obxectivo do proxecto. O seguinte cadro resume as puntuacións máximas e mínimas e a porcentaxe de axuda aplicable.

PRODUCTIVOS			NON PRODUCTIVOS	
OBXECT. 1		OBXECT. 2 e 3	OBXECT. 1	OBXECT. 2 e 3
Mín. 25 ptos.	35%	30%	Mín. 40 ptos.	50% de axuda a todos os proxectos que superen os 40 ptos.
Máx. 50 ptos.	50%	50%	Máx. 100 ptos.	
LÍMITES ESPECIAIS			LÍMITES ESPECIAIS	
30% de financiamento extra (máximo: 80%) en proxectos do Obxectivo 1 en operacións vinculadas á pesca costeira artesanal			Ata 100% de financiamento nos Obxectivos 1, 2 e 3 Aplicable a proxectos de interese colectivo, beneficiario colectivo e acceso público a resultados	

PRODUCTIVOS				NON PRODUCTIVOS			
NORMA XERAL				NORMA XERAL			
OBXECT. 1		OBXECT. 2 e 3		OBXECT. 1		OBXECT. 2 e 3	
Puntos	Axuda	Puntos	Axuda	50% de axuda a todos os proxectos que superen os 40 ptos. A diferenza de puntos determinará a orde de preferencia dos proxectos.			
25	35,00%	25	30,00%				
26	35,60%	26	30,80%	LÍMITE ESPECIAL DO 100%			
27	36,20%	27	31,60%				
28	36,80%	28	32,40%	OBXECT. 1		OBXECT. 2 e 3	
29	37,40%	29	33,20%	Puntos	Axuda	Puntos	Axuda
30	38,00%	30	34,00%	40	50,00%	40	50,00%
31	38,60%	31	34,80%	42	52,00%	42	51,50%
32	39,20%	32	35,60%	44	54,00%	44	53,00%
33	39,80%	33	36,40%	46	56,00%	46	54,50%
34	40,40%	34	37,20%	48	58,00%	48	56,00%
35	41,00%	35	38,00%	50	60,00%	50	57,50%
36	41,60%	36	38,80%	52	62,00%	52	59,00%
37	42,20%	37	39,60%	54	64,00%	54	60,50%
38	42,80%	38	40,40%	56	66,00%	56	62,00%
39	43,40%	39	41,20%	58	68,00%	58	63,50%
40	44,00%	40	42,00%	60	70,00%	60	65,00%
41	44,60%	41	42,80%	62	72,00%	62	66,50%
42	45,20%	42	43,60%	64	74,00%	64	68,00%
43	45,80%	43	44,40%	66	76,00%	66	69,50%
44	46,40%	44	45,20%	68	78,00%	68	71,00%
45	47,00%	45	46,00%	70	80,00%	70	72,50%
46	47,60%	46	46,80%	72	82,00%	72	74,00%
47	48,20%	47	47,60%	74	84,00%	74	75,50%
48	48,80%	48	48,40%	76	86,00%	76	77,00%
49	49,40%	49	49,20%	78	88,00%	78	78,50%
50	50,00%	50	50,00%	80	90,00%	80	80,00%
LÍMITE ESPECIAL DO 80% PESCA COSTEIRA ARTESANA				82	91,00%	82	82,00%
Puntúan pola escala de PRODUCTIVOS OBXECTIVO 1.				84	92,00%	84	84,00%
Engaden un financiamento extra dun 30%.				86	93,00%	86	86,00%
Exemplo: Se o proxecto obtén 44 ptos. correspóndelle: 46,4% + 30% = 74,4% de axuda.				88	94,00%	88	88,00%
				90	95,00%	90	90,00%
				92	96,00%	92	92,00%
				94	97,00%	94	94,00%
				96	98,00%	96	96,00%
				98	99,00%	98	98,00%
				100	100,00%	100	100,00%

Un destino sostible necesita de promotores sensibles ao contorno e competentes na xestión.

Dentro da aposta do GALP Costa Sostible por un desenvolvemento responsable, a nosa EDLP traballa por dar formación aos emprendedores. Con isto melloramos a súa capacitación e melloramos a viabilidade dos proxectos que concorren a financiamento público.



Esta ferramenta, consta de dous elementos

- O GALP Costa Sostible comprométese a desenvolver un Programa de Capacitación a Promotores que permita a familiarización dos beneficiarios das axudas con iniciativas aprobadas cos coñecementos básicos da xestión de negocios. Este programa estará activo durante os meses seguintes á aprobación dos proxectos.
- Os promotores poden asinar, na fase de candidatura, o Compromiso de Formación, que implica participar no programa formativo durante o período de execución do proxecto.

Programa de Capacitación de Promotores

O Programa de Capacitación de Promotores é o instrumento gratuíto que o GALP Costa Sostible pon a disposición dos beneficiarios das axudas a proxectos produtivos para mellorar as súas competencias de cara á creación de negocios viables e responsables.

OBXECTIVOS:

- Dar acompañamento técnico aos promotores na execución das iniciativas.
- Contribuír á implementación efectiva e responsable dos proxectos financiados a través do GALP Costa Sostible.

FORMATO DA ASISTENCIA TÉCNICA:

- Asesoramento especializado no eido da xestión empresarial e da responsabilidade social corporativa.

a | Asesoramento individualizado.

- Dous días de consulta ao mes. Serán citados todos os promotores, para enriquecer a sesión e facilitar o intercambio de experiencias.
- Os promotores poderán contrastar a implementación do proxecto e consultar dúbidas en calquera eido da xestión de negocio.

b | Talleres especializados.

- Tres talleres especializados en xestión de negocio, definidos en función dos proxectos aprobados, para reforzar capacidades e competencias. Participan todos os promotores para fomentar o traballo en rede.

c | Incorporación da Responsabilidade Social no deseño, execución e avaliación dos proxectos.

- Incorporación de principios e estratexias de RSC nos negocios.
- Apoio á medición de impactos.
- Taller especializado.

Obrigas dos beneficiarios

A participación no Programa de Capacitación é voluntaria para os promotores, mais deberá ser confirmada no momento de presentación da candidatura ás axudas e puntuará como un dos Criterios de Valoración de proxectos produtivos por parte do GALP.

SON OBRIGAS DO BENEFICIARIO:

- Ser titular dunha candidatura de proxecto Produtivo.
- Presentar, no momento da solicitude, o Compromiso de Formación, debidamente asinado.
- Participar no Programa de Capacitación asistindo a todos os talleres e, cando menos, ao 75% das sesións de consultas.
- Aplicar os criterios de xestión eficiente e responsable no desenvolvemento do seu negocio.

GALP Costa Sostible

GRUPO DE DESENVOLVEMENTO LOCAL DO SECTOR DA PESCA
SEO DE FISTERRA - RÍA DE MUROS-NOIA. COSTA SOSTIBLE

COMPROMISO DE FORMACIÓN

NOME DO TITULAR [entidade ou persoa]

DOCUMENTO DE IDENTIDADE [DNI/CIF ou o que proceda]

REPRESENTANTE [no caso de entidades xurídicas]

DOCUMENTO DE IDENTIDADE DO REPRESENTANTE [DNI ou o que proceda]

DENOMINACIÓN DO PROXECTO:

O ABAIXO ASINANTE, DECLARA:

- Que presenta o proxecto de investimento Produtivo arriba indicado ante o GALP Costa Sostible para solicitar o seu cofinanciamento con cargo ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca e á Consellería do Mar.
- Que coñece o Programa de Capacitación de Promotores promovido polo GALP Costa Sostible consistente en:
 - 2 sesións de consulta cada mes durante o período de: 3 meses para os proxectos a rematar no 2016 e ata finalización do proxecto para aqueles con data de fin no 2017.
 - 4 talleres formativos sobre xestión de negocios e responsabilidade social corporativa.
- Que participará no devandito Programa de Capacitación, asistindo aos 4 os talleres e, cando menos, ao 75% das sesións de consulta.
- Que a asistencia a recibirá un titular do negocio ou unha persoa con cargo directivo e/ou responsable de xestión.
- Que aplicará os coñecementos adquiridos na xestión ordinaria do seu negocio.

DATA:

LUGAR:

SINATURA:



Grupo de Acción Local
do sector Pesqueiro
Seo de Fisterra Ría de Muros-Noia:
Costa Sostible



DIRECTRICES

PARA UN CRECEMENTO RESPONSABLE

DIRECTRICES

PARA A APLICACIÓN DO CRITERIO DE VALORACIÓN ‘ADECUACIÓN DO PROXECTO Á ESTRATEXIA DE SOSTIBILIDADE DO GALP’



Grupo de Acción Local
do sector Pesqueiro
Seo de Fisterra Ría de Muros-Noia:
Costa Sostible

itc.ménsula



GALP Costa Sostible

REDACCIÓN:

itc.ménsula

COA COLABORACIÓN DE:

- Manuel Carro López
Arquitecto
- Inés Santé Riveira
José Luis Álvarez Vicente
Instituto de Estudos do Territorio
- Ignacio Munilla Rumbao
Munilla Biodiversidade
- Manuel de Lario
José Barrio
COGAMI
Confederación Galega de Persoas con Discapacidade

MAQUETACIÓN:

- Juan Gallego Estudio Gráfico

AS DIRECTRICES PARA UN CRECEMENTO RESPONSABLE DO GALP COSTA SOSTIBLE

A EDLP do GALP Costa Sostible inclúe, entre os criterios de valoración das iniciativas presentadas, un epígrafe denominado ‘Adecuación do proxecto á Estratexia de Sostibilidade do GALP’. É obxecto destas Directrices establecer as pautas de aplicación deste epígrafe.

Recollemos de seguido a puntuación máxima para cada un destes criterios segundo o tipo de proxecto.

CLASIFICACIÓN DOS PROXECTOS	OBXECTIVO 1 SECTOR PESQUEIRO		OBXECTIVOS 2 e 3 DIVERSIFICACIÓN ECONÓMICA E PATRIMONIO NATURAL E CULTURAL	
	NON PRODUCTIVOS	PRODUCTIVOS	NON PRODUCTIVOS	PRODUCTIVOS
CRITERIOS				
PUNTOS POSIBLES				
Total dos Criterios de Valoración	100	50	100	50
Total por Criterios de ‘Adecuación do proxecto á Estratexia de Sostibilidade do GALP’	25	12	20	12
Adecuación do proxecto ás Directrices de Paisaxe e Medio Ambiente	12	6	10	5
Adecuación do proxecto ás Directrices de Adaptabilidade	5	2	5	5
Adecuación do proxecto ás Directrices de RSC	8	4	5	2




NORMAS XERAIS

PARA A APLICACIÓN

DAS DIRECTRICES

- As Directrices relativas á **Estratexia de Sostibilidade do GALP** están agrupadas en tres categorías:
 - Paisaxe e Medio Ambiente**, relativas á sostibilidade do proxecto en relación á paisaxe local.
 - Adaptabilidade**, relativas á integración de persoas con discapacidade e outras necesidades especiais.
 - Responsabilidade Social Corporativa**, relativas á aplicación doutros valores considerados relevantes polo GALP Costa Sostible.
- As Directrices indican as medidas a acometer polo promotor que serán válidas en cada categoría e a puntuación que lles corresponde.
- Unha mesma medida non pode ser valorada para xustificar o cumprimento de dúas Directrices, nin da mesma nin de distinta categoría.
- No caso das Directrices de Paisaxe e Medio Ambiente e de Adaptabilidade, determinados proxectos poderán substituílas por Directrices doutras categorías (calquera das tres) nos seguintes casos e condicións:
 - Son proxectos sen impacto físico no territorio por tratarse de: a) estudos e traballos de consultaría; b) proxectos executados no contorno *on line*; c) en xeral, os proxectos cun presuposto subvencionable inferior a 40.000 €.
 - Deberán, en todo caso, sumar a metade dos puntos posibles en cada unha das dúas categorías (Directrices de Paisaxe e Medio Ambiente e Directrices de Adaptabilidade).
- As medidas implantadas deben estar viventes polo menos durante os 5 anos seguintes á xustificación do proxecto ou durante o período total de execución no caso de que sexa inferior a 5 anos (eventos); salvo nos casos nos que se contempla especificamente outro período.
- As Directrices inclúen indicacións sobre a forma en que se acredita a súa realización (Xustificación Previa e Xustificación Final). Trátase de exemplos a título de recomendación. O GALP poderá solicitar a acreditación por medios distintos en función das características do proxecto.
- Estas Directrices foron aprobadas polo GALP Costa Sostible en Abril de 2016 de cara á convocatoria do ano en curso. Unha vez finalizada esta, procederase á avaliación dos resultados por parte do GALP, que poderá mantelas ou modificalas en convocatorias posteriores.



DIRECTRICES

DE PAISAXE

E MEDIO AMBIENTE

Nota: A efectos destas **Directrices de Paisaxe e Medio Ambiente**, destacamos que o concepto de *Paisaxe* abrangue todos os seus valores como contorna natural e cultural, formado tanto polas condicións ambientais e ecolóxicas do territorio como pola acción humana.

CRITERIOS DE VALORACIÓN SEGUNDO TIPO DE PROXECTO		
ADECUACIÓN DO PROXECTO ÁS DIRECTRICES DE PAISAXE E MEDIO AMBIENTE		
TIPO DE PROXECTO		MÁX
Obx. 1	Sector da Pesca – Non Produtivos	12 Puntos
Obx. 1	Sector da Pesca – Produtivos	6 Puntos
Obx. 2 e 3	Diversificación Económica e Patrimonio Natural e Cultural – Non Produtivos	10 Puntos
Obx. 2 e 3	Diversificación Económica e Patrimonio Natural e Cultural – Produtivos	5 Puntos

DIRECTRICES DE PAISAXE E MEDIO AMBIENTE			
DIRECTRIZ		DESCRICIÓN + MOTIVACIÓN	XUSTIFICACIÓN
A. DIRECTRICES APLICABLES EN EXCLUSIVA A PROXECTOS CON COMPOÑENTE ARQUITECTÓNICA E/OU URBANÍSTICA			
Obxectivos: 1, 2 e 3 / Non Produtivos + Produtivos.			
Aplicable a iniciativas de calquera Obxectivo (1, 2 e 3) que impliquen construción ou rehabilitación de edificios e/ou intervencións urbanísticas. Aplicable tamén cando a iniciativa candidata inclúa só o deseño construtivo (elaboración do proxecto arquitectónico ou equivalente) e non a execución. Non Aplicable nas excepcións expresamente indicadas.			
A1	Estudo de integración paisaxística	O proxecto inclúe un estudo de impacto e integración paisaxística asinado por un arquitecto ou profesional especializado: 1 pto. — — <i>NON ACUMULABLE con: D9 Estudos de impacto paisaxístico.</i> Consideración da paisaxe no proxecto. Incorporación da variable paisaxe, incluída a paisaxe urbana, na propia concepción dos proxectos a través dun estudo de impacto e integración paisaxística.	Xustificación previa: Compromiso na Memoria. Xustificación final: Documento de conclusión.
A2	Idoneidade da localización do proxecto	O proxecto está localizado en parque industrial, solo urbano ou de núcleo rural: 3 ptos. — Congruencia de proxectos que supoñan novas construcións ou edificacións co modelo territorial que definen as Directrices de Ordenación do Territorio de Galicia, a lexislación urbanística e os principios da lexislación en materia de paisaxe, en particular, no relativo á non dispersión.	Xustificación previa: Declaración na Memoria sobre a cualificación do solo. Xustificación final: —
A3	Recuperación de construcións	O proxecto desenvólvese nunha edificación ou infraestrutura preexistente que se recupera para o efecto (polo menos o 80% da superficie construída final): 2 ptos. — É máis sostible e mellor integrado aproveitar edificacións preexistentes que executar novas construcións.	Xustificación previa: Medición na Memoria das superficies previa e final. Xustificación final: —
A4	Afección sobre a topografía	O proxecto non altera a topografía natural dos terreos, ou implica mínimos movementos de terras (noiros ou terrapléns de menos de 1,00 metro): 1 pto. — — <i>NON APLICABLE a: intervencións dentro de núcleos urbanos.</i> — <i>NON ACUMULABLE con: A5 Respecto ás cuncas visuais.</i> Adecuación de instalacións, construcións ou edificacións á topografía natural dos terreos.	Xustificación previa: Medición na Memoria dos noiros. Xustificación final: —
A5	Respecto ás cuncas visuais	A nova edificación non está situada no bordo dunha rúa, camiño ou estrada con vistas panorámicas, e non interfere no campo de visión de elementos naturais ou culturais de interese: 2 ptos. — — <i>NON ACUMULABLE con: A4 Afección sobre a topografía.</i> As novas edificacións ou construcións, en xeral, deben procurar non interromper ou deturpar vistas panorámicas ou de escenas, tanto urbanas como rurais, de interese.	Xustificación previa: Identificación na Memoria da localización e breve análise do impacto visual. Xustificación final: —

DIRECTRICES DE PAISAXE E MEDIO AMBIENTE			
DIRECTRIZ		DESCRICIÓN + MOTIVACIÓN	XUSTIFICACIÓN
A6	Deseño integrado	As novas construcións ou instalacións teñen un volume e unha forma semellante ás que existen nas proximidades, empregan materiais construtivos propios da tradición local, e as cores son harmoniosas coas da contorna próxima: 1 pto. — — <i>NON APLICABLE a: intervencións dentro de núcleos urbanos.</i> As novas edificacións ou construcións deben procurar que o seu deseño formal e compositivo, e os materiais, cores e texturas empregadas sexan respectuosos cos da súa contorna, sexa esta urbana ou rural.	Xustificación previa: Identificación na Memoria das solucións adoptadas e xustificación. Xustificación final: Inspección presencial.
A7	Urbanización integrada	Menos do 20% da superficie libre de edificacións da parcela vai cuberta con materiais impermeables: 1 pto. — — <i>NON APLICABLE a: intervencións dentro de núcleos urbanos.</i> Debemos protexer os solos orixinais, limitando as actuacións que supoñan formatos de urbanización agresivos. Camiños de acceso, áreas de aparcamento e, en xeral, as zonas exteriores, poden ser urbanizadas con coberturas alternativas ao asfaltado, formigón cemento ou similares.	Xustificación previa: Descrición da solución adoptada na Memoria. Xustificación final: Inspección presencial.
A8	Integración na rede viaria	0 proxecto implica novas construcións de uso industrial e non precisa de novas vías de acceso ou estas non superan os 30 metros lineais: 1 pto. — — <i>NON APLICABLE a: intervencións dentro de núcleos urbanos.</i> As novas construcións industriais deben buscar localizacións que non supoñan un incremento adicional de ocupación do territorio con dotacións públicas.	Xustificación previa: Análise na Memoria das necesidades e medicións. Xustificación final: —
A9	Integración na rede de subministracións	A nova construción dispón de acceso a equipamentos básicos (saneamento, subministro eléctrico e toma de augas) a menos de 100 m e se conecta a eles: 1 pto. — — <i>NON APLICABLE a: intervencións dentro de núcleos urbanos.</i> As novas construcións industriais deben buscar localizacións que non supoñan un incremento adicional de ocupación do territorio con dotacións públicas.	Xustificación previa: Identificación na Memoria dos puntos de toma. Xustificación final: —
A10	Eliminación de impactos paisaxísticos	0 proxecto prevé a eliminación ou corrección de impactos paisaxísticos preexistentes: 1 pto. por cada tipoloxía — Darase 1 punto por cada tipoloxía de impacto completamente anulado ou corrixido: a) Eliminación de construcións fóra de ordenamento. b) Eliminación de peches de parcela en mal estado ou substitución dos mesmos por peches de vexetación autóctona ou de tipoloxías tradicionais (máis de 10 m lineais). c) Eliminación de cables (eléctricos, telefónicos, etc.) aéreos ou en fachadas (máis de 20 m lineais). d) Noiros de escavación (máis de 10 m lineais). e) Outro similar (máximo un punto por corrección de impactos non especificados nesta lista). Nas paisaxes urbanas e rurais existen diversos elementos que supoñen un impacto negativo na percepción e gozo da paisaxe.	Xustificación previa: Identificación na Memoria das accións a acometer. Xustificación final: Inspección presencial.
A11	Uso de materiais reciclados e reutilizados	A suma de materiais reciclados e reutilizados empregados en construción e urbanización é superior ao 25% do total, medido en volume, peso ou valor de compra. Inclúense os materiais procedentes do propio edificio en caso de rehabilitación: 1 pto. — A reutilización e a reciclaxe han ser pautas habituais nos proxectos de construción.	Xustificación previa: Identificación e valoración na Memoria dos materiais a empregar. Xustificación final: Inspección presencial, Memoria xustificativa e/ou facturas de compra.
A12	Uso de madeira certificada	0 proxecto utiliza exclusivamente madeira ou produtos derivados da madeira certificada en elementos estruturais, de cerramento exteriores e/o carpintaría exterior: 1 pto. — Fomentamos o uso de materiais sostibles. En particular, a madeira é un dos materiais de construción máis sometidos a formas de explotación ecoloxicamente agresivas.	Xustificación previa: Declaración ao efecto na Memoria. Xustificación final: Inspección visual, facturas de compra e certificacións.
A13	Separación e recuperación de augas	0 proxecto inclúe un sistema de separación e de recuperación de augas pluviais e augas grises: 1 pto. — A xestión correcta da auga diminúe a presión sobre este recurso natural e limita a pegada ecolóxica derivada do seu tratamento.	Xustificación previa: Descrición na Memoria das solucións adoptadas. Xustificación final: Inspección presencial.
A14	Depuración de augas	0 proxecto inclúe un sistema natural de depuración e tratamento de augas con vexetación acuática e de zonas húmidas tanto para augas grises como para augas de escorrentía contaminadas (por exemplo, nos aparcadoiros): 1 pto. — Redución da pegada ecolóxica do tratamento convencional da auga.	Xustificación previa: Descrición na Memoria de proxecto. Xustificación final: Inspección visual.
A15	Eliminación de rega	0 proxecto inclúe espazos cubertos por vexetación (mínimo 500 m2 e/ou o 50% da superficie non construída da parcela) e estes non precisan de rega (excepto na fase inicial de implantación) ou ben a totalidade das necesidades de auga de rega están cubertas polo sistema de recuperación de augas pluviais: 1 pto. — A xestión máis responsable da auga é aquela que reduce as necesidades de uso.	Xustificación previa: Valoración na Memoria das necesidades de rego e identificación da solución adoptada. Xustificación final: Inspección presencial.
A16	Cobertura vexetal autóctona	0 proxecto inclúe espazos cubertos por vexetación (mínimo 500 m2 e/ou o 50% da superficie non construída da parcela) e estes empregan exclusivamente especies de flora autóctona: 1 pto. por cada 500 m² — — <i>NON APLICABLE a: Proxectos Non Produtivos, por teren as Directrices C1 e C2.</i> A creación de zonas verdes con especies autóctonas contribúe a sostibilidade ecolóxica do ecosistema local.	Xustificación previa: Identificación na Memoria do espazo a cubrir e identificación de especies. Xustificación final: Inspección presencial.
A17	Sistema SATE de fachadas	0 proxecto inclúe, para as súas construcións, sistemas de fachadas SITE (SATE) –Sistema de Illante Térmico Exterior– ou outros de prestacións superiores: 1 pto. — Este tipo de fachadas axudan ao control térmico do interior, reducindo o consumo enerxético.	Xustificación previa: Incorporación na Memoria da solución SITE (SATE) ou xustificación da alternativa. Xustificación final: Inspección presencial.

DIRECTRICES DE PAISAXE E MEDIO AMBIENTE			
DIRECTRIZ		DESCRICIÓN + MOTIVACIÓN	XUSTIFICACIÓN
A18	Cubertas invertidas transitables	0 proxecto inclúe unha solución de cuberta invertida transitable e/ou cuberta vexetal: 1 pto. — Este tipo de cubertas favorecen a eficiencia no mantemento e a protección térmica.	Xustificación previa: Identificación no proxecto da solución adoptada. Xustificación final: Inspección presencial.
A19	Acristalamento illante	0 proxecto inclúe o acristalamento exterior mediante o emprego de acristalamento con prestacións SUPERIORES ás seguintes: vidro dobre Rw=43 dB, espesor total 32 mm, formado por vidro baixo emisivo de 8 mm e un vidro laminado acústico de 4+4 mm e cámara de aire deshidratada de 16 mm con perfil separador de aluminio e dobre selado perimetral: 1 pto. — O illamento dos cristais favorece a eficiencia enerxética e a redución de ruídos.	Xustificación previa: Incorporación na Memoria da solución adoptada para os acristalamentos. Xustificación final: Inspección presencial.
A20	Solos radiantes	0 proxecto inclúe sistemas de calefacción mediante solos radiantes: 1 pto. — O solo radiante contribúe á eficiencia enerxética por obter maior rendemento con baixas temperaturas que outros sistemas.	Xustificación previa: Incorporación na Memoria da solución de calefacción mediante solo radiante. Xustificación final: Inspección presencial.
A21	Iluminación natural	0 proxecto inclúe medidas específicas para o aproveitamento e control da iluminación natural (estudos de orientación, superficie acristalada, e outras técnicas ou tecnoloxías): 1 pto. — O control da luz e da enerxía solar reduce os consumos de luz e climatización.	Xustificación previa: Descrición na Memoria das solucións a adoptar ou do compromiso a incluílas no proxecto. Xustificación final: Documento e inspección presencial.
A22	Ventilación de alto rendemento	0 proxecto inclúe a instalación dun sistema de ventilación centralizado de dobre fluxo e alto rendemento: 1 pto. — Estes sistemas de ventilación posibilitan a recuperación de ata un 80% da enerxía, diminuíndo o consumo derivado da climatización.	Xustificación previa: Descrición na Memoria das solucións a adoptar ou do compromiso a incluílas no proxecto. Xustificación final: Documento e inspección presencial

B. DIRECTRICES APLICABLES EN EXCLUSIVA A PROXECTOS DO SECTOR DA PESCA			
Obxectivos: 1 / Produtivos + Non Produtivos.			
Aplicable a todos os proxectos do Sector da Pesca.			
B1	Exclusión de artes de pesca agresivas	A pesquería asociada á iniciativa non emprega artes de arrastre ou de enmalle: 1 pto. — Este tipo de artes teñen especial incidencia na sostibilidade do ecosistema mariño.	Xustificación previa: Identificación na Memoria das pesquerías e artes asociadas. Xustificación final: —
B2	Tratamento de residuos da actividade pesqueira	Establécese un sistema de separación, recollida e reciclaxe ou reutilización de residuos sólidos asociados á actividade pesqueira ou industrial, especialmente plásticos de alta densidade e restos de artes e aparellos: 1 pto. — A actividade pesqueira debe adoptar pautas de traballo cada vez máis esixentes en canto ao tratamento de residuos.	Xustificación previa: Identificación na Memoria das solucións adoptadas. Xustificación final: Inspección presencial.
B3	Innovación para a redución de descartes	A pesca asociada á iniciativa emprega artes ou estratexias de pesca innovadoras no territorio que reducen a proporción de descartes: 2 ptos. — Os descartes son un dos efectos non desexados da pesca, polo que debemos favorecer estratexias para diminuír a súa importancia.	Xustificación previa: Identificación na Memoria do tipo de pesca asociada e das estratexias que contribúen a reducir os descartes. Xustificación final: —

C. DIRECTRICES APLICABLES EN EXCLUSIVA A PROXECTOS NON PRODUTIVOS			
Obxectivos: 1, 2 e 3 / Non Produtivos			
Aplicable a proxectos Non Produtivos que supoñan intervencións sobre espazos exteriores, urbanos ou non.			
C1	Uso de especies vexetais autóctonas	0 proxecto implica un incremento da masa vexetal de especies autóctonas e non inclúe a incorporación de especies vexetais alóctonas (con excepción das pradeiras): a) En núcleo urbano: un mínimo de 5 exemplares novos de árbores de especies autóctonas. 1 pto. por cada 5 exemplares. Máximo 3 ptos. — b) Noutros terreos: unha superficie superior a 1.000 m ² e/ou 10 exemplares de especies arbóreas autóctonas. 1 pto. por cada 1.000 m² — Os proxectos de intervención na paisaxe deben respectar a biodiversidade local e optar por especies autóctonas, reforzando os ecosistemas locais.	Xustificación previa: Declaración de estado actual e proxecto. Xustificación final: Inspección presencial. Especies autóctonas: No caso de dúbida ao respecto, o GALP poderá esixir xustificación de que a especie elixida sexa propia do ecosistema local.
C2	Uso de pradeiras tradicionais	0 proxecto emprega exclusivamente pradeiras naturais, de composición semellante aos prados e pasteiros tradicionais no territorio, no estrato basal dos espazos verdes: 1 pto. — Este uso de prados locais implica unha preocupación extra polo ecosistema local.	Xustificación previa: Declaración de estado actual e proxecto. Xustificación final: Inspección presencial.
C3	Sendas ecolóxicas	0 proxecto implica a apertura ou adecuación de vías (sendas, paseos, etc.) con firmes permeables e acordes en cor e textura aos substratos da contorna: 2 ptos. — As intervencións con materiais tradicionais (cemento, asfalto, formigón) supoñen a desnaturalización da paisaxe, sendo máis respectuosa co medio unha intervención menos agresiva e máis facilmente reversible.	Xustificación previa: Identificación na Memoria dos firmes. Xustificación final: Inspección presencial.

DIRECTRICES DE PAISAXE E MEDIO AMBIENTE			
DIRECTRIZ		DESCRICIÓN + MOTIVACIÓN	XUSTIFICACIÓN
C4	Protección de hábitats valiosos	0 proxecto implica a creación, ampliación ou recuperación de hábitats naturais valiosos para especies vexetais ou animais propios da zona nunha superficie superior a 0,5 ha: A recuperación activa de hábitats permite reverter o impacto negativo sobre a fauna e flora locais.	Xustificación previa: Identificación na Memoria das especies beneficiadas e da idoneidade da actuación, asinada por un especialista. Xustificación final: Inspección presencial.
C5	Programa de concienciación	0 proxecto inclúe unha partida específica destinada á promoción dos valores da paisaxe local e/ou de actitudes de uso sostible da mesma, e esta partida ten un importe equivalente a un mínimo do 5% do presuposto e/ou 3.000 €: Os proxectos non produtivos deben asumir un papel especial na concienciación sobre os valores da nosa paisaxe.	Xustificación previa: Identificación na Memoria da partida e dos formatos de promoción. Xustificación final: Inspección documental.

D. DIRECTRICES EXCLUSIVAS PARA DETERMINADOS TIPOS DE PROXECTOS

Obxectivos: 1, 2 e 3 / Productivos + Non Productivos

Directrices aplicables únicamente aos proxectos dos tipos especificamente indicados.

D1	Recollida selectiva de lixo	0 proxecto incorpora polo menos un punto de recollida selectiva de lixo (mínimo tres tipos de residuos) accesible para todos os usuarios (persoal interno, visitas, clientes, asistentes a evento, etc.) e prevé o tratamento axeitado destes residuos: 1 pto. — — APLICABLE a: · <i>Eventos de calquera tipo.</i> · <i>Proxectos que inclúan apertura ou renovación de oficinas e/ou establecementos públicos.</i> Promove o fomento de hábitos responsables na xestión de residuos.	Xustificación previa: Identificación e características dos puntos limpos e procedemento de tratamento. Xustificación final: Inspección presencial.
D2	Recollida selectiva de residuos industriais	0 proxecto establece un sistema de separación e recollida de residuos, incluídos contedores axeitados con, cando menos, 8 categorías: 1 pto. — — APLICABLE a: · <i>Proxectos industriais.</i> · <i>Calquera proxecto que o xustifique polo volume e tipoloxía de residuos xerados.</i> Promove o fomento de hábitos responsables na xestión de residuos.	Xustificación previa: Identificación dos tipos de residuos e do sistema de recollida e tratamento. Xustificación final: Inspección presencial.
D3	Difusión dos valores da paisaxe local nos eventos	0 proxecto consiste na celebración dun evento e inclúe a difusión de contidos relativos aos valores propios da paisaxe local e/ou de actitudes responsables respecto dos mesmos: 1 pto. — — APLICABLE a: <i>eventos (formación, feiras comerciais, eventos gastronómicos, etc.).</i> Promovemos a difusión dos valores da paisaxe local.	Xustificación previa: Referencia na Memoria aos contidos e formatos de difusión. Xustificación final: Inspección presencial e/ou documentos de difusión.
D4	Difusión dos valores da paisaxe en comunicación	Na comunicación e promoción reserva, cando menos un 7% do espazo impreso ou do texto, a mensaxes de información e/ou concienciación relativas á protección da paisaxe local. Tamén inclúe mensaxes deste tipo no resto de soportes que emprega (dixitais, audiovisuais e outros): 1 pto. — — APLICABLE a: · <i>Eventos.</i> · <i>Todos os proxectos con importe total inferior a 40.000 €.</i> — NON APLICABLE a: <i>Proxectos Non Productivos do Obxectivo 3.</i> Promovemos a difusión dos valores da paisaxe local.	Xustificación previa: Referencia na Memoria aos contidos e formatos de difusión. Xustificación final: Copia de materiais de difusión.
D5	Promoción da paisaxe en proxectos en liña	0 proxecto ten como eido principal a contorna <i>on line</i> e inclúe propostas de valorización ou difusión dos valores da paisaxe e do medio natural e cultural no web site, en particular na súa área de negocio ou actuación, con acceso directo dende portada: 1 pto. — — APLICABLE a: <i>Proxectos de comercio ou de promoción on line.</i> Os proxectos en contornas virtuais tamén deben contribuír á difusión da paisaxe local e dos seus valores.	Xustificación previa: Indicación na Memoria de proxecto do tipo de contidos. Xustificación final: Revisión do web site.
D6	Uso de producións locais	0 proxecto inclúe un catering ou similar baseado exclusivamente en produtos de fabricación no territorio do GALP (con excepción única posible no relativo a bebidas): 1 pto. — — APLICABLE a: <i>eventos.</i> 0 uso de produtos locais axuda a reducir a pegada ecolóxica.	Xustificación previa: Compromiso indicado na Memoria. Xustificación final: Inspección presencial e/ou facturas de compra.
D7	Uso de alimentos ecolóxicos	0 proxecto implica a produción, elaboración e/ou distribución de produtos alimentarios locais de produción ecolóxica acreditada mediante certificación recoñecida polo mercado: 2 ptos. — — APLICABLE a: <i>proxectos do sector alimentario. Non inclúe proxectos de restauración.</i> A produción ecolóxica de alimentos é máis responsable con medio ambiente.	Xustificación previa: Indicación do tipo de produtos e procedencia. Xustificación final: Inspección presencial e/ou facturas de compra.
D8	Uso de papel ecolóxico	0 proxecto usa en exclusiva papel reciclado, libre de cloro ou con certificado de papel ecolóxico recoñecido polo mercado; ou ben non xera documentación física: 1 pto. — — APLICABLE a: <i>proxectos de consultaría ou que impliquen, fundamentalmente, a xeración de informes e cun presuposto total inferior a 40.000 €.</i> 0 uso de papel reciclado e ecolóxico axuda a reducir a pegada ecolóxica.	Xustificación previa: Compromiso na Memoria. Xustificación final: Inspección visual e/ou factura de compra.

DIRECTRICES DE PAISAXE E MEDIO AMBIENTE			
DIRECTRIZ	DESCRICIÓN + MOTIVACIÓN		XUSTIFICACIÓN
D9	Estudos de impacto paisaxístico	0 proxecto inclúe un capítulo específico sobre impacto e/ou integración paisaxística das accións que propón: 2 ptos. — — APLICABLE a: <i>proxectos de consultaría ou que impliquen, fundamentalmente, a xeración de informes e cun presuposto total inferior a 40.000 €.</i> — NON ACUMULABLE con: <i>A1 Estudo de integración paisaxística.</i> Todo proxecto de actuación no territorio debe incluír unha análise das súas implicacións na paisaxe.	Xustificación previa: Compromiso na Memoria. Xustificación final: Entrega do documento resultante.
D10	Previsión de accións de revalorización da paisaxe	0 proxecto inclúe estratexias específicas relativas á rexeneración ou revalorización da paisaxe natural e/ou cultural do territorio no seu eido de actuación, con valoración orzamentaria: 3 ptos. — — APLICABLE a: <i>proxectos de consultaría que impliquen, fundamentalmente, a xeración de informes e cun presuposto total inferior a 40.000 €.</i> — EXCLUIDOS: <i>proxectos do Obxectivo 3.</i> A integración da variable da paisaxe en todo tipo de proxectos debe ser un hábito, en particular entre os organismos públicos. Exclúese o Obxectivo 3 por traballar directamente sobre a paisaxe.	Xustificación previa: Compromiso na Memoria. Xustificación final: Entrega do documento resultante.
D11	Compostaxe de residuos vexetais	0 proxecto inclúe un sistema de compostaxe de restos orgánicos vexetais in situ e mais establece os usos e destinos do compost producido: 2 ptos. — — APLICABLE a: <i>proxectos con xeración significativa de residuos vexetais.</i> A compostaxe da un uso novo aos residuos e reduce a presión sobre o ecosistema.	Xustificación previa: Descrición na Memoria das medidas a adoptar. Xustificación final: Inspección presencial.
D12	Certificación enerxética	0 90% da maquinaria empregada ten unha cualificación enerxética A ou superior (90% das unidades ou do valor de compra): 1 pto. — — APLICABLE a: · <i>Proxectos de hostalería (aloxamento, restauración).</i> · <i>Proxectos industriais ou de equipamentos para actividades industriais.</i> A eficiencia enerxética axuda a reducir a pegada ecolóxica derivada da produción enerxética. Deixamos unha marxe do 10% para permitir o uso de maquinaria non cualificada por causas de mercado.	Xustificación previa: Declaración na Memoria. Xustificación final: Listado de maquinaria coa súa cualificación enerxética e factura de compra.
D13	Reciclaxe en embalaxes	Os produtos á venda non inclúen embalaxes ou as embalaxes están realizadas con materiais 100% reciclados e/ou reciclables (reciclables só: papel, cartón, vidro, metálico, brick e plástico): 2 ptos. — — APLICABLE a: <i>proxectos que impliquen a fabricación e/ou venda de produtos, incluso alimentarios.</i> A primeira forma de respecto ao medio ambiente é a redución do consumo e as embalaxes constitúen, a miúdo, un consumo evitable. No caso das embalaxes reciclables, valoramos só os tipos admitidos na recollida selectiva xeralizada no territorio.	Xustificación previa: Identificación na Memoria do tipo de embalaxes. Xustificación final: Inspección presencial.
D14	Estudo de impacto dos usuarios	0 proxecto implica a posta en valor dun espazo exterior e conta cun estudo de identificación e corrección de impactos dos usuarios do novo servizo ou equipamento: 2 ptos. — — APLICABLE a: · <i>Deseño ou implantación de actividades turísticas distintas de aloxamento e restauración.</i> · <i>Proxectos do Obxectivo 3.</i> As novas actividades que teñan lugar en espazos abertos (naturais, rurais e urbanos) deben ser sensibles á paisaxe sobre a que traballan.	Xustificación previa: Declaración na Memoria dos contidos do estudo. Xustificación final: Documento resultante e/ou inspección presencial.

E. DIRECTRICES APLICABLES A TODOS OS PROXECTOS

Obxectivos: 1, 2 e 3 / Productivos + Non Productivos

Directrices aplicables a todos os proxectos nas condicións indicadas.

E1	Uso de enerxías renovables	Garante que cando menos o 25% da demanda total de enerxía é subministrada por sistemas de enerxía renovable, ben por incluír instalacións propias de xeración, ben por incluír subministracións de terceiros propietarios das mesmas: 2 ptos. — Buscamos a introdución no territorio de formas renovables de xeración de enerxía.	Xustificación previa: 0 proxecto inclúe a previsión de consumo e a indicación das medidas ao respecto. Xustificación final: Inspección presencial e/ou contrato de subministración.
E2	Control da iluminación	0 proxecto inclúe a implantación de sistemas de iluminación de instalacións e/ou locais e emprega sistemas de apagado automático (células fotoeléctricas, programadores, detectores crepusculares) polo menos nalgunha estancia (incluídos escaparates): 1 pto. — 0 control automático permite un mellor control do consumo.	Xustificación previa: Compromiso na Memoria. Xustificación final: Inspección presencial.
E3	Iluminación natural	0 proxecto inclúe e aplica un estudo específico para favorecer a iluminación natural atendendo á posición, altura e dimensións: 2 ptos. — A mellor forma de mellorar a eficiencia enerxética na iluminación e o máximo aproveitamento da luz natural.	Xustificación previa: Presentación do estudo ou previsión do mesmo na Memoria. Xustificación final: Documento resultante e inspección presencial.

DIRECTRICES DE PAISAXE E MEDIO AMBIENTE		
DIRECTRIZ	DESCRICIÓN + MOTIVACIÓN	XUSTIFICACIÓN
E4	Accións adicionais de corrección de impactos 0 proxecto implica a realización dunha ou varias das seguintes actuacións de corrección de impactos paisaxísticos ou medioambientais negativos, fóra das parcelas afectadas directamente pola actividade e dentro do territorio do GALP Costa Sostible: 2 puntos por cada acción — - Eliminación completa dun vertedoiro ilegal, con autorización do titular do terreo. - Plantación de, cando menos, unha árbore autóctona en terreo de titularidade pública ou comunal, por cada 50.000 € de presuposto total da iniciativa, con autorización do titular do terreo. - Outra acción de corrección de impactos paisaxísticos que se considere equivalente. A identificación e corrección de impactos negativos conciencia aos promotores sobre a sensibilidade da paisaxe.	Xustificación previa: Indicación na Memoria das accións a realizar. Xustificación final: Inspección presencial.
E5	Compensación da pegada ecolóxica A iniciativa inclúe unha medición da pegada ecolóxica e/ou da pegada de carbono e contempla a súa compensación en termos de restauración de hábitats degradados no territorio do GALP: 3 ptos. — Cando a pegada ecolóxica é inevitable, o proxecto pode compensala mediante accións en favor da conservación da paisaxe.	Xustificación previa: Informe de pegada e proxecto de compensación asinados por especialista incluídos na Memoria. Xustificación final: Inspección documental e presencial.
E6	Protección das aves 0 proxecto inclúe medidas específicas para favorecer o asentamento de aves de hábitats urbanos, como: pardais, cirríos, andoriñas e morcegos: 3 ptos. — Favorecemos a convivencia do ser humano con especies animais tratando de facer que as nosas necesidades sexan compatibles coas súas.	Xustificación previa: Informe acreditado por especialista incluído na Memoria. Xustificación final: Inspección presencial.
E7	Accións adicionais de protección de hábitats 0 proxecto inclúe accións de creación, ampliación ou recuperación de hábitats naturais: 3 ptos. — Favorecemos a implicación na recuperación de hábitats de interese.	Xustificación previa: Identificación na Memoria das accións e valoración da súa idoneidade por parte dun especialista. Xustificación final: Inspección presencial.

DIRECTRICES DE ADAPTABILIDADE

CRITERIOS DE VALORACIÓN SEGUNDO TIPO DE PROXECTO ADECUACIÓN DO PROXECTO ÁS DIRECTRICES DE ADAPTABILIDADE		
TIPO DE PROXECTO		MÁX
Obx. 1	Sector da Pesca – Non Productivos	5 Puntos
Obx. 1	Sector da Pesca – Productivos	2 Puntos
Obx. 2 e 3	Diversificación Económica e Patrimonio Natural e Cultural – Non Productivos	5 Puntos
Obx. 2 e 3	Diversificación Económica e Patrimonio Natural e Cultural – Productivos	5 Puntos

DIRECTRICES DE ADAPTABILIDADE		
DIRECTRIZ	DESCRICIÓN + MOTIVACIÓN	XUSTIFICACIÓN
A1	Postos de traballo específicos 0 proxecto reserva 1 posto de traballo para persoas con discapacidade dun mínimo do 33% e o manterá durante un mínimo de 3 anos durante os 5 anos seguintes á xustificación do proxecto: 2 ptos. por cada posto de traballo con estas condicións — INCLÚE: o posto do traballo do promotor cando este teña o grao de discapacidade indicado. A principal acción para a integración das persoas con necesidades especiais é aquela que permite a súa normal incorporación ao mercado laboral.	Xustificación previa: Compromiso incluído na Memoria. Xustificación final: Identificación dos postos creados e contratos.
A2	Postos de traballo en eventos 0 proxecto consiste na programación dun evento e prevé a reserva de 1 posto de traballo para persoas con discapacidade durante o período de celebración dese evento: 2 ptos. — Facilita a integración laboral dos discapacitados.	Xustificación previa: Compromiso na Memoria. Xustificación final: Identificación do posto de traballo creado, contratos.
A3	Tecnoloxías para a autonomía persoal 0 proxecto inclúe a aplicación de ferramentas de domótica ou TIC (Tecnoloxías da Información e a Comunicación) destinadas a mellorar a autonomía persoal de persoas con discapacidade ou persoas en situación de dependencia, sexan estas traballadores ou destinatarios finais (usuarios, clientes): 1 pto. — Fomentamos a investigación e utilización de ferramentas tecnolóxicas como vía para a adaptación de espazos e servizos a todos os usuarios.	Xustificación previa: Identificación na Memoria das medidas a adoptar e das necesidades que cubre. Xustificación final: Inspección presencial e/ou documental.
A4	Usabilidade de ferramentas dixitais 0 proxecto inclúe o desenvolvemento de sitios web ou aplicacións dixitais e conta cunha estratexia de usabilidade e adaptación destinada a públicos con necesidades especiais: 2 ptos. — Buscamos a apertura da contorna dixital a todos os públicos.	Xustificación previa: Identificación na Memoria do público específico ao que se dirixe a estratexia de usabilidade. Xustificación final: Revisión do sitio web.
A5	Eventos accesibles 0 proxecto consiste nun evento e inclúe fórmulas para facilitar a participación de persoas con algún tipo de discapacidade en condicións equivalentes ao resto do público: 1 pto. — Difusión no territorio de formatos para facilitar a integración de todos os públicos.	Xustificación previa: Identificación na Memoria do público específico considerado e das medidas a adoptar. Xustificación final: Inspección presencial ou documental.
A6	Capacitación para o servizo a persoas con discapacidade 0 proxecto consiste ou inclúe accións de capacitación de profesionais para a atención a persoas con algún tipo de discapacidade: 1 pto. — Os servizos públicos e privados do territorio, deben contar con persoal preparado para atender aos distintos tipos de público, incluídas as persoas con discapacidade.	Xustificación previa: Identificación na Memoria da acción de capacitación. Xustificación final: Verificación presencial ou documental da realización do evento.
A7	Capacitación laboral 0 proxecto inclúe accións formativas destinadas á capacitación laboral de persoas con discapacidade: 1 pto. — Favorecese a integración laboral das persoas con discapacidade mediante a formación.	Xustificación previa: Identificación na Memoria da acción de capacitación. Xustificación final: Verificación presencial ou documental da realización do evento.

DIRECTRICES DE ADAPTABILIDADE			
DIRECTRIZ		DESCRICIÓN + MOTIVACIÓN	XUSTIFICACIÓN
A8	Eliminación de barreiras físicas	0 proxecto inclúe a eliminación de barreiras físicas para persoas con cadeira de rodas para o 100% dos espazos de uso público (usuarios, visitantes, clientes); que poderá ser do 75% das estancias ou da superficie no caso de edificios rehabilitados ou espazos exteriores en áreas naturais protexidas: 1 pto. — Os espazos destinados ao público deben planificarse de xeito que resulten accesibles.	Xustificación previa: Compromiso na Memoria. Xustificación final: Inspección presencial.
A9	Comunicación adaptada	0 proxecto inclúe medidas de comunicación dentro do establecemento ou na súa publicidade destinadas a persoas con algunha discapacidade sensorial ou intelectual: 1 pto. por cada tipo de discapacidade atendida — — APLICABLE a: medidas distintas das previstas na Directriz A9 sobre ferramentas dixitais. A comunicación destinada a públicos específicos fomenta a integración social e atrae a novos públicos e clientes.	Xustificación previa: Identificación das discapacidades atendidas e das solucións propostas. Xustificación final: Inspección presencial ou documental.
A10	Servizos de turismo accesible	0 proxecto de turismo inclúe a creación de servizos turísticos específicos ou adaptados a colectivos de persoas con algún tipo de discapacidade: 1 pto. por cada tipo de discapacidade atendida — — NON APLICABLE a: proxectos de Aloxamento e Restauración. O turismo accesible é un produto innovador, xusto e con potencial de diferenciación e posicionamento do destino.	Xustificación previa: Identificación na Memoria do público específico considerado e dos produtos adaptados. Xustificación final: Inspección presencial ou documental.
A11	Estudos de turismo accesible	0 proxecto de turismo consiste nun estudo e/ou labor de consultoría e prevé a creación de servizos de turismo accesible: 2 ptos. — O turismo accesible é un produto innovador, xusto e con potencial de diferenciación e posicionamento do destino.	Xustificación previa: Compromiso na Memoria. Xustificación final: Revisión do estudo ou resultados.
A12	Servizos específicos	0 proxecto crea un novo equipamento ou servizo destinado especificamente a persoas con discapacidade ou persoas en situación de dependencia: 3 ptos. — Mellora da calidade de vida para as persoas con necesidades especiais.	Xustificación previa: Finalidade do proxecto. Xustificación final: Inspección presencial.
A13	Transporte adaptado	0 proxecto inclúe o uso de transporte adaptado e/ou medidas de fomento do mesmo: 1 pto. — A mobilidade ten especial relevancia nun contorno de poboación dispersa.	Xustificación previa: Identificación na Memoria das medidas. Xustificación final: Inspección presencial ou documental.
A14	Atención a menores con discapacidade	0 proxecto ten como beneficiarios principais a menores con discapacidade, tanto residentes como visitantes (turistas, etc.): 1 pto. — Especial atención aos menores.	Xustificación previa: Indicación na Memoria da localización dos proxectos e usuarios. Xustificación final: —
A15	Boas prácticas	0 proxecto inclúe o desenvolvemento ou aplicación de boas prácticas para a inclusión social das persoas con discapacidade (eido laboral, educativo e outros; clientes, usuarios ou traballadores): 1 pto. — Foméntase o coñecemento das necesidades específicas das persoas con discapacidade e a súa satisfacción.	Xustificación previa: Indicación na Memoria do compromiso e metodoloxía a aplicar. Xustificación final: Documento de boas prácticas e/ou informe sobre a aplicación.
A16	Participación de discapacitados no deseño	0 proxecto foi elaborado coa participación de persoas con discapacidade coa finalidade explícita de incluír a atención das súas necesidades específicas: 1 pto. — A mellor forma de garantir a aplicación dos intereses das persoas con necesidades especiais é a súa participación na fase de deseño das propostas.	Xustificación previa: Indicación na Memoria das solucións específicas adoptadas e declaración das persoas con discapacidade implicadas. Xustificación final: —
A17	Empoderamento das persoas con discapacidade	0 proxecto inclúe a redacción dun programa de empoderamento das persoas con discapacidade dentro da entidade promotora: 1 pto. — — APLICABLE a: Proxectos promovidos por administracións públicas, entidades sen ánimo de lucro e empresas con máis de 10 empregados no momento da solicitude de axuda. Apostamos pola reflexión e autoxestión para facilitar a presenza e notoriedade deste colectivo dentro das entidades.	Xustificación previa: Indicación na Memoria do compromiso e metodoloxía a aplicar. Xustificación final: Documento resultante.
A18	Adaptación a discapacidades	0 proxecto inclúe a adaptación ou creación de equipamentos culturais ou turísticos a colectivos con discapacidade: 1 pto. por cada tipo de discapacidade atendida — Fomentamos os proxectos de inclusión nos servizos públicos.	Xustificación previa: Finalidade do proxecto. Xustificación final: Inspección presencial.
A19	Homologación de centros formativos	0 proxecto ten como obxecto a creación de centros de atención á discapacidade homologados: 1 pto. — Preténdese corrixir a deficiencia no territorio de oferta formativa específica para este colectivo.	Xustificación previa: Finalidade do proxecto. Xustificación final: Inspección presencial.

DIRECTRICES ADICIONAIS

DE RESPONSABILIDADE SOCIAL CORPORATIVA

A acción dunha política de RSC pode abranguer múltiples aspectos. O GALP Costa Sostible centra a súa acción naqueles aspectos que xeraron especial interese durante o proceso de participación que deu lugar á súa Estratexia. Estas Directrices recollen eses ámbitos de actuación preferentes, ademais dos vinculados á Paisaxe e á Adaptabilidade.

CRITERIOS DE VALORACIÓN SEGUNDO TIPO DE PROXECTO		
ADECUACIÓN DO PROXECTO ÁS DIRECTRICES DE RESPONSABILIDADE SOCIAL CORPORATIVA		
	TIPO DE PROXECTO	MÁX
Obx. 1	Sector da Pesca – Non Produtivos	8 Puntos
Obx. 1	Sector da Pesca – Produtivos	4 Puntos
Obx. 2 e 3	Diversificación Económica e Patrimonio Natural e Cultural – Non Produtivos	5 Puntos
Obx. 2 e 3	Diversificación Económica e Patrimonio Natural e Cultural – Produtivos	2 Puntos

DIRECTRICES DE RESPONSABILIDADE SOCIAL CORPORATIVA			
DIRECTRIZ	DESCRICIÓN + MOTIVACIÓN	XUSTIFICACIÓN	
A1	Política de RSC	A entidade promotora dispón ou se compromete a crear, antes da última xustificación da axuda, un órgano interno encargado da implantación dunha política de RSC que contemple accións relativas, cando menos á igualdade de xénero, á sostibilidade ambiental e á integración de colectivos desfavorecidos. Este órgano realizará, cando menos, un informe anual sobre obxectivos e resultados: 2 ptos. — — APLICABLE a: persoas xurídicas cun mínimo de 5 membros (incluíndo propietarios, socios e/ou traballadores). Impulsamos a instauración de políticas RSC de alcance xeral nas entidades locais, máis alá dos aspectos concretos que promovemos a través dos criterios de valoración.	Xustificación previa: Compromiso na Memoria. Xustificación final: Documento de creación do órgano asinado polo promotor e, no seu caso, polos traballadores ou os seus representantes.
A2	Colaboración con ONG. Difusión	0 promotor incluírá no seu espazo web, con acceso dende a portada, información sobre o labor dunha entidade sen ánimo de lucro con sede ou actividade no territorio do GALP e traballo en favor de colectivos sociais desfavorecidos, protección da natureza ou acción cultural: 1 pto. — — APLICABLE a: Proxectos Produtivos. Fomentamos a colaboración dos promotores coas asociacións locais e multiplicamos a difusión do traballo destas.	Xustificación previa: Compromiso na Memoria. Xustificación final: Revisión do sitio web.
A3	Mellora das condicións laborais	0 proxecto inclúe medidas que significan a mellora das condicións dos postos de traballo en termos de seguridade ou confort: 1 pto. — Fomentamos o interese nas condicións físicas nas que se desenvolve o traballo.	Xustificación previa: Identificación na Memoria das medidas e efectos positivos. Xustificación final: Verificación visual da implantación.
A4	Conciliación da vida laboral e familiar. Horarios flexibles	A entidade promotora instaurará horarios flexibles de inicio e finalización da xornada laboral cando menos no 20% dos postos de traballo ocupados por traballadores por conta allea. Esta medida entrará en vigor antes da última xustificación da axuda e manterase, cando menos, durante 3 anos: 2 ptos. — A flexibilidade de horarios é unha ferramenta moi útil na conciliación da vida familiar e a laboral, en moitos casos, con resultado neutro ou positivo en canto a produtividade.	Xustificación previa: Compromiso na Memoria con identificación do número de postos de traballo por conta allea. Xustificación final: Identificación dos postos afectados.
A5	Conciliación da vida laboral e familiar. Teletraballo	A entidade promotora permitirá o teletraballo, cando menos, nun 10% da xornada laboral e, cando menos, nun 20% dos postos de traballo ocupados por empregados por conta allea. Esta medida entrará en vigor durante o período de execución do proxecto e manterase, cando menos, durante 3 anos: 3 ptos. — A flexibilidade de horarios é unha ferramenta moi útil na conciliación da vida familiar e a laboral, en moitos casos, con resultado neutro ou positivo en canto a produtividade.	Xustificación previa: Compromiso na Memoria con identificación do número de postos de traballo por conta allea. Xustificación final: Identificación dos postos afectados.

DIRECTRICES DE RESPONSABILIDADE SOCIAL CORPORATIVA		
DIRECTRIZ	DESCRICIÓN + MOTIVACIÓN	XUSTIFICACIÓN
A6	Igualdade de xénero. Plan de Igualdade A entidade conta cun Plan de Igualdade aprobado e vixente ou ten aprobada a súa realización polo seu órgano máximo de goberno: 2 ptos. — — <i>NON ACUMULABLE con: A11 Diagnose interna en igualdade de xénero.</i> O Plan de Igualdade, previsto pola lexislación, é unha ferramenta idónea para a incorporación de ideas e estratexias efectivas para a igualdade de oportunidades e a non discriminación por razóns de xénero no seo de empresas e entidades.	<i>Xustificación previa:</i> Acreditación do Plan de Igualdade ou da súa aprobación en órgano de goberno. <i>Xustificación final:</i> —
A7	Igualdade de xénero. Emprego O proxecto reserva un 33% dos postos de traballo para mulleres, incluíndo ás promotoras do mesmo (33% medido sobre o total de postos-xornada creados): 2 ptos. — — <i>NON ACUMULABLE con: A8 de Igualdade no emprego no Sector da Pesca (20% mulleres).</i> Apoio a xeración de emprego feminino, incluso mediante a discriminación positiva.	<i>Xustificación previa:</i> Compromiso na Memoria. <i>Xustificación final:</i> Identificación dos postos creados.
A8	Igualdade de xénero. Emprego no sector da Pesca O proxecto reserva un 20% dos postos de traballo para mulleres en tarefas distintas de: marisqueo a pé, fabricación de redes, administración interna, secretariado e limpeza (20% medido sobre o total de postos-xornada creados): 3 ptos. — — <i>APLICABLE a: proxectos do Obxectivo 1, Sector da Pesca.</i> — <i>NON ACUMULABLE con: A7 de Igualdade no emprego (33% mulleres).</i>	<i>Xustificación previa:</i> Compromiso na Memoria. <i>Xustificación final:</i> Identificación dos postos creados.
A9	Igualdade de xénero. Difusión en eventos O proxecto consiste nun evento e inclúe na súa programación contidos de difusión ou reflexión sobre os valores ligados á igualdade de xénero: 1 pto. — Implicamos aos promotores de eventos na difusión destes valores.	<i>Xustificación previa:</i> Detalle do programa. <i>Xustificación final:</i> Inspección durante o evento ou xustificación documental.
A10	Igualdade de xénero. Difusión web O promotor creará un espazo web sobre a promoción de valores ligados á igualdade de xénero, cun mínimo de 1.000 palabras e/ou 3 niveis de navegación: 1 pto. — Implicamos aos promotores na difusión destes valores dende os seus propios sitios web.	<i>Xustificación previa:</i> Compromiso na Memoria. <i>Xustificación final:</i> Revisión do sitio web.
A11	Igualdade de xénero. Diagnose interna A entidade promotora elaborará, antes da última xustificación da axuda e coa participación dos seus traballadores, unha diagnose sobre a igualdade de xénero: 1 pto. — — <i>O GALP non difundirá en ningún caso os resultados.</i> — <i>APLICABLE a: entidades xurídicas distintas da Administracións públicas, cun mínimo de 10 empregados ou asociados.</i> — <i>NON ACUMULABLE con: A6. Plan de Igualdade.</i> Entendemos a autodiagnose como unha ferramenta de concienciación sobre a igualdade de xénero.	<i>Xustificación previa:</i> Compromiso na Memoria con indicación do procedemento a seguir. <i>Xustificación final:</i> Entrega do informe resultante ou xustificación do procedemento realizado sen entrega de resultados.
A12	Igualdade de xénero. Empoderamento das mulleres O proxecto inclúe a redacción dun programa de empoderamento das mulleres dentro da entidade promotora: 2 ptos. — — <i>APLICABLE a: proxectos promovidos por administracións públicas, entidades sen ánimo de lucro e empresas con máis de 10 empregados no momento da solicitude de axuda.</i> Fomento da reflexión e da autoxestión para favorecer a presenza dos intereses das mulleres nas entidades.	<i>Xustificación previa:</i> Compromiso na Memoria. <i>Xustificación final:</i> Presentación do documento resultante.
A13	Consumo responsable. Comercio xusto O proxecto ten unha estratexia para o consumo propio ou venda de produtos de comercio xusto de fóra do territorio para, cando menos, dúas referencias de mercadorías: 1 pto. — Implicamos e concienciamos a promotores e consumidores sobre a necesidade de valorar a procedencia dos produtos.	<i>Xustificación previa:</i> Identificación na Memoria das mercadorías seleccionadas e xustificación de por que son de 'comercio xusto'. <i>Xustificación final:</i> Identificación das mercadorías e procedencia.
A14	Compromiso co territorio. Difusión dos produtos locais O promotor incluírá no seu espazo web, con acceso dende portada, contidos para a difusión dos produtos alimentarios do territorio do GALP, distintos dos producidos ou comercializados por el mesmo: 1 pto. — — <i>APLICABLE a: Proxectos Productivos.</i> Favorecemos a implicación co territorio e multiplicamos o coñecemento dos nosos produtos e territorio.	<i>Xustificación previa:</i> Compromiso na Memoria. <i>Xustificación final:</i> Revisión do sitio web.
A15	Compromiso co territorio. Colaboración co GALP O promotor cederá o seu local ao GALP para a difusión de publicidade e a realización de actos de promoción do turismo, da gastronomía e dos produtos da pesca artesanal. Esta cesión non poderá prexudicar a actividade ordinaria do promotor: 1 pto. — Favorecemos a implicación dos beneficiados co traballo, a favor do territorio, que realiza o GALP.	<i>Xustificación previa:</i> Compromiso na Memoria. <i>Xustificación final:</i> —
A16	Compromiso co territorio. Publicidade no exterior O promotor presenta unha iniciativa que significa o aproveitamento da súa rede comercial no exterior para a promoción de produtos e servizos locais fóra do territorio distintos dos comercializados por el, cun mínimo de 1.000 impactos (folletos entregados ou similar): 1 pto. — — <i>APLICABLE a: Proxectos Productivos.</i> Favorecemos a implicación con territorio e creamos sinerxías.	<i>Xustificación previa:</i> Identificación da medida. <i>Xustificación final:</i> Información das accións realizadas.
A17	Compromiso co territorio. Integración en redes O proxecto implica unha iniciativa de traballo en rede na xestión de equipamentos públicos (culturais, turísticos, deportivos, sociais, etc.) de máis de un concello do territorio: 2 ptos. — — <i>APLICABLE a: Proxectos Non Productivos.</i> Fomentamos que os servizos públicos do territorio traballen de xeito coordinado en favor da eficiencia e da integración territorial.	<i>Xustificación previa:</i> Identificación dos equipamentos integrados na rede e das entidades propietarias e/ou xestoras. <i>Xustificación final:</i> —
A18	Compromiso co territorio. Colaboración entre promotores A iniciativa implica formas de reforzo ou colaboración con proxectos doutros promotores financiados a cargo deste programa de axudas, de programas anteriores e de anteriores convocatorias por este GALP (antes, GAC): 2 ptos. — Fomentamos a sinerxía entre actividades e a colaboración entre promotores financiados polo GALP, reforzando as oportunidades de negocio e a integración territorial.	<i>Xustificación previa:</i> Identificación na Memoria das actividades e promotores beneficiados. <i>Xustificación final:</i> —



www.costasostible.com



www.costasostible.com



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MAR

galicia



UNIÓN EUROPEA
FONDO EUROPEO MARÍTIMO
E DA PESCA (FEMP)